



II FESTIVAL DE CINE CONSENTIDO

FESTIVAL DE CINE INCLUSIVO PARA TODOS OS PÚBLICOS
(CON AUDIO-DESCRICIÓN E SUBTITULADO PARA XORDOS)

¿QUÉ É CONSENTIDO?

ConSentido é unha iniciativa promovida polos alumnos do **IES Audiovisual de Vigo (IES EAV)** que pretende colaborar na creación dun panorama audiovisual inclusivo. Constitúe o **único Festival de Cine Inclusivo de España, con subtítulos e audio-descrición**, para persoas con discapacidade auditiva e visual.

O noso traballo é loitar pola **Inclusión Social**, pola supresión das barreiras arquitectónicas, e sobre todo polo fomento das novas tecnoloxías no campo audiovisual, para que as persoas con calquer tipo de discapacidade poidan disfrutar do cine con e coma o resto do público, con total normalidade. Por isto, queremos que autores, exhibidores e produtores tomen conciencia da importancia de esta iniciativa.

É un **Festival gratuito**, para tódolos públicos, que pretende facer o **mundo audiovisual accesible a tódalas persoas con discapacidade**, brindándolles a oportunidade de disfrutar de todo tipo de produtos audiovisuais (documentais, longametraxes de ficción, curtametraxes, *webseries*) e de temáticas.


Do mesmo xeito, **ConSentido** pretende **concienciar** á sociedade dando a coñecer as distintas discapacidades. Este ano, queremos centrarnos na **Esclerose Múltiple**, coa proxección da película **“100 metros”**, e traballando en estreita colaboración con **AVEMPO (Asociación Viguesa da Esclerose Múltiple)**.

En abril de 2017 celebraremos a **Segunda Edición** dun proxecto que cobrou vida en maio de 2016, promovido por unha iniciativa colectiva dos alumnos de modular da **Escola Audiovisual de Vigo**. A estrea contou coa colaboración de entidades coma: **COGAMI (Cooperativa Gallega de Minusválidos)**, a **ONCE**, **Entresignos**, **IgualArte**, **IDENDEAF** ou **PAT**. **ConSentido** pretende ser un **nexo** de unión e colaboración dos distintos colectivos do mundo da discapacidade, xenerando **sinerxias** entre as asociacións de persoas con discapacidade e o resto de colectivos e institucións.

OBXECTIVOS E VALORES

- **Promover a Audio-descrición e o Subtitulado** para persoas con discapacidade auditiva nas obras audiovisuais, involucrando a creadores, distribuidores e exhibidores, así coma técnicos e estudantes.
- **Dar a coñecer as distintas Discapacidades** (físicas, sensoriais, intelectuais...) e concienciar dos seus grandes problemas para vivir con normalidade.
- Achegar o audiovisual coma medio de **Ocio e Cultura** a colectivos de persoas con discapacidade, xa que en numerosas ocasións son privados de este dereito fundamental.
- Crear un espazo de **Reflexión** e debate arredor da discapacidade e do audiovisual.
- Crear **Sinexias**, movementos asociativos de colaboración entre os distintos colectivos, con e sen discapacidade, para alcanzar metas comúns.

¿ÓNDE TERÁ LUGAR?



O festival organizase en **Vigo**, unha cidade moderna e cosmopolita, a máis grande de Galicia e unha das 20 máis pobladas de España, con unha ampla área metropolitana que abarca unha poboación total de 478.427 habitantes. Unha cidade marcada pola pesca, a industria, a automoción e o sector servizos.

VIGO E A DISCAPACIDADE

Según un estudo realizado polo **Defensor do Pobo de Vigo**, o 10% dos habitantes da cidade olívica ten un grado de discapacidade superior ó 33%. Un valor maior que a media galega (8,1%) e española (8,5%). Unha de cada tres familias viguesas ten unha persoa con discapacidade. Por isto é necesario organizar un festival de cine inclusivo ó que se poidan achegar tódolos membros da familia, sen ser discriminados polas barreiras audiovisuais.

En canto ás asociacións, Vigo conta con numerosos grupos que loitan polos dereitos das persoas con discapacidade, xa sea mental, física ou sensorial. A organización do **Festival** contactou con tódalas asociacións de persoas con discapacidade en Vigo e arredores. Entre os colectivos que participaron dunha ou doutra maneira encontramos a **Asociación de Xordos de Vigo**, a **ONCE** ou **COGAMI**, entre outros.

Según datos da **Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG)**, máis de 14.969 persoas na nosa comunidade e, en concreto, 1.529 soamente na cidade de Vigo, teñen unha discapacidade auditiva.

Os membros afiliados á **ONCE** en Galicia fan un total de 3.750, dos cales o 24% son xordo-cegos. Os datos reais sobre o número de persoas con discapacidade son máis elevados, xa que non tódalas persoas con discapacidade deciden afiliarse, de modo que non hay un censo exacto.



MARCO LEGAL

Coa aprobación da Ley 51/2003 de Accesibilidade, España apuntaba a obrigación de aumentar a programación subtitulada para xordos e audio-descrita para cegos en televisión, incluíndo subtítulos e audio-descrición en produtos dixitais xa comercializados. A comunidade de Galicia e a súa televisión autonómica non destacan pola súa oferta de contidos audiovisuais adaptados, por iso, é mester traballar en pos das técnicas de subtitulado e descrición no sector audiovisual galego.

No marco lexislativo da **Unión Europea**, do mesmo xeito que outros bens e servizos, os medios audiovisuais - cine, televisión, vídeo - están suxeitos a determinadas normas comúns en toda a UE para garantir que poidan moverse libremente e en igualdade de condicións no mercado único europeo, con independencia do formato de difusión (televisión tradicional, vídeo baixo demanda, Internet, etc.). Este é un dos buques insignia das leis do audiovisual europeo xunto coa promoción e protección das obras audiovisuais europeas.

Desde **ConSentido**, queremos sinalar que nin a audio-descrición nin o subtitulado se encontran dentro dos currículos de ningunha das especialidades da familia de imaxen e son, aínda que pode ser incluído polo profesor en varias ou en tódalas especialidades. Estase desenevolvendo por parte do Ministerio de Educación o curso de especialización en Audio-descrición e Subtitulado de obras audiovisuais, espectáculos e eventos, que se impartirá en centros de FP de Imaxe e Son.

Outras normativas que coinciden cos obxectivos do festival son:

- Convención das **Nacións Unidas** sobre o dereito das persoas con discapacidade.
- **Constitución Española**.
- **Lei de Igualdade de Oportunidades**, Non discriminación e Accesibilidade universal das persoas con discapacidade.
- **I Plan Nacional de Accesibilidade**.

CONTIDOS ANTERIOR EDICIÓN

O principal obxectivo da **Primeira Edición** de **ConSentido** foi a de brindar ás persoas con discapacidades auditivas e visuais a oportunidade de disfrutar dos produtos audiovisuais, en moitas ocasións inaccesibles para eles, calequera que sexa a plataforma de difusión.

Para isto exhibíronse no Cine-Teatro do **IES EAV** documentais, películas, *webseries* e curtametraxes con audio-descrición e subtitulado. A temática tivo dúas vertentes: unha libre e outra máis social, na que se tratou directamente a discapacidade.

Os asistentes tiveron a **oportunidade de poñerse na pel dunha persoa con discapacidade visual ou auditiva**, grazas a unhas gafas especiais e auriculares insonoros.

Realizamos **Conferencias e mesas redondas** pivotando sobre distintos produtos audiovisuais para dar visibilidade e coñecer mellor algunhas discapacidades.

Levaronse a cabo ademáis **Obradoiros** impartidos polos alumnos:

- O primeiro para achegar a audio-descrición e o subtitulado ao público en xeral e a persoas interesadas no audiovisual.
- O segundo e máis especial; coa colaboración de **COGAMI** e **IGUALARTE**, sobre cómo facer unha curta, deseñada para persoas con todo tipo de discapacidades.

O broche final foi o **Concurso de Curtametraxes** adaptados con audio-descrición e subtitulado. A madriña foi a actriz e conselleira de Igualdade, Xuventude e Normalización Lingüística, **Uxía Blanco**.

Tódalas actividades, coma conferencias e obradoiros, contaron con unha intérprete de lingua de signos.

Mércores 11 17:00h - Coloquio a cargo de Veru Rodríguez, director da Webserie e Miguel Dorado, actor da Webserie. 17:30h - Proxección da Webserie en lingua de signos "Mírame cuando te hablo" dirixida por Veru Rodríguez. 18:00h - Obradoiros -Audiodescrición -Subtitulado para persoas xordas -Cómo facer unha curta : gravación para persoas con discapacidade (COGAMI) -Curtas fóra de concurso 19:30h - Presentación da película "Seis puntos sobre Emma" a cargo do seu director Roberto Pérez Toledo (subtitulada para persoas xordas e audiodescrita) 21:30 - Peche do día	Curtas fóra de concurso "Con lupa" Dirixida por Julián Maguna e protagonizada por Patricia Fernández e Roi Garrido. "Calcetines" Dirixida por Iago González e protagonizada por Manuel Penido e Miguel Fernández . "Te quiero mal" Dirixida por Mireia Giró e protagonizada por Isabel Naveira e Monti Castiñeiras. Programación das Curtas a concurso "SuperYo" Dirixida por Veru Rodríguez e protagonizada por Jaime Fernández e Víctor García.	"El susurro" Dirixida por Veru Rodríguez e protagonizada por Lorraine Marcotica e Raúl Piñeiro. "Connection" Dirixida por Ananda Rúa e protagonizada por Brais Abad, Déborah Vukusic e Uxia Blanco. "Disney" Dirixida por Jorge Saavedra e protagonizada por Marta Larraalde e Fernando González. Descanso de 5 minutos "Necrofilia II" Dirixida por Ana García e protagonizada por Jacobo Lomba e Ariadna Brandón. "Incomunidades" Dirixida por Juan Galiñanes e protagonizada por Luis Zahera e Pedro Bandariz.
Xoves 12 17:00h - "Entreparadas" Documental dirixido por Toño Chouza (subtitulado para persoas xordas) 18:10h - Coloquio con Sára Álvarez, colaboradora de PAT, e Félix Ferrari, actor do documental 18:45h - Festival de Curtas (audiodescritas e subtituladas) 21:00/21:15 Entrega de premios A cargo de Uxia Blanco	"Arre Demo cos 27!" Dirixida por Xacobe Barxa e protagonizada por Muriel Pernas e Adrián Ríos. Descanso de 5 minutos "Los gritones" Dirixida por Roberto Pérez Toledo e protagonizada por Ruth Armas e Fran Rodríguez .	"Tupper" Dirixida por Ángel Manzano e protagonizada por Javier Gutiérrez e Belén Constenla. "reStart" Dirixida por Olga Osorio e protagonizada por Marta Larraalde.

"Mírame cuando te hablo", unha *webserie* gravada en lingua de signos que gañou numerosos premios nacionais e internacionais. Unha serie creada, dirixida e producida por **Veru Rodríguez**, presidente de **IDENDEAF**, a Asociación para a formación e produción audiovisual en lingua de signos.

“Entreparadas”, un documental que nos conta a historia de 16 persoas anónimas, algunhas con discapacidade e outras en risco de exclusión social, que conformaron un grupo de teatro, de actores *amateurs*, do más heteroxéneo. Un grupo que ensaiou durante máis de medio ano, para poder realizar micro obras teatrales durante un día, nos autobuses interurbanos nos traxectos entreparadas da cidade de Ourense. Gañador de múltiples premios entre eles o de *Mellor Película no Festival Internacional de Cine e Discapacidade de Collado Villalba*.

“Seis puntos sobre Emma”, debut cinematográfico de **Roberto Pérez Toledo**, móstranos a antítese do que coñecemos coma un conto de fadas e que nos ensina que a discapacidade non reside soamente na cegueira da súa protagonista *Emma*, xa que todos podemos sufrir unha discapacidade emocional. O director canario, que repetirá este ano en **ConSentido**, cosechou grandes éxitos coma **“Los amigos raros”**, unha película de **Calle 13** que conta con cerca de 2,5 millóns de visionados en *Youtube*.



CONTIDOS 2017

Proposta de contidos para este ano (non pechado):

Horario	Mércores, 5 de abril	Xoves, 6 de abril
18:00h	Documental sobre Simón González. Mesa redonda co trece veces consecutivas campeón do mundo de <i>full contact</i> e a produtora do documental Nerea Fernández.	Alfombra vermella Proxección curtas: Lurna (Nani Matos) 15 min. Premio do público Cannes 2017. Einstein-Rosen (Olga Osorio) 9 min. Premio "Mestre Mateo" á mellor curtametraxe 2017. Superpunky, El Musical (Pablo Cacheda) 17 min. Deber (Ángel Manzano) 16 min. Stuttered (Benjamin Clary) 12 min. Gañador Óscar 2015/2016. Compositor galego, Nico Casal. Decorado (Alberto Vázquez) 11 min. Gañador Premio Goya 2017. Animación.
20:00h	Proxección "100 metros" Proxección da entrevista gravada co protagonista Ramón Arroyo.	

A entrada será libre e DE BALDE ata esgotar prazas.

Mércores

18:00h


Documental sobre **Simón González**, trece veces campeón de *full contact*. O ourensán, afincado en Vigo dende fai anos, está postrado nunha cadeira de rodas dende que sufriu un accidente doméstico en 2014.



Mesa redonda en torno ó documental de **Simón González** onde falará de cómo viviu o seu accidente e a súa discapacidade. Coordinando a mesa estará **Nerea Fernández**, produtora do documental.

20:00h

Presentación e posterior coloquio de **“100 metros”** co director e guionista, **Marcel Barrena**. Película inspirada na vida de Ramón Arroyo, un home que se prepara para un reto deportivo excepcional despois de ser diagnosticado de esclerose múltiple, un exemplo de superación ante a discapacidade.



Sinopse: Ramón (*Dani Rovira*), un xove padre de familia vive para o traballo ata que o seu corpo comeza a fallar. Diagnosticado con esclerose múltiple, as previsións indican que, en un ano non vai ser capaz de camiñar nin un centenar de metros. Ramón decide enfrentarse á vida participando nun dos eventos deportivos máis difíciles do planeta. Coa axuda da súa esposa (*Alexandra Jiménez*) e o seu sogro (*Karra Elejalde*), Ramón inicia un peculiar adestramento no que loitará contra a súas limitacións, mostrando ó mundo que desistir nunca é unha opción.

Xoves

18:00h


Alfombra vermella sobre a que desfilarán famosos e asociacións de discapacidade por igual e onde se pretende dar visibilidade a este colectivo.

20:00h

Concurso de curtametraxes audio-descritos para persoas con dificultades visuales e subtitulados para persoas con dificultades auditivas. O concurso ten un gañador do público e o premio do xurado.

“Lurna”

De **Nani Matos**. Premio do público Cannes 2017.



Sinopse: *Lurna* conta a historia dunha muller senegalesa (Diaryatou Daff) que abandona o seu país na procura dunha vida mellor. *Lurna* pasa por diversas situacións comprometidas que serven ao film para mostrar a realidade social da emigración.

“Einstein-Rosen”

De **Olga Osorio**, galardoado co premio “Mestre Mateo” á mellor curtametraxe 2017.



Sinopse: Verán do 82. Teo asegura que atopou un “burato de verme”. O seu irmán Óscar non lle cree. Polo menos non de momento.

“Superpunky, El Musical”


De **Pablo Cacheda**. Os creadores desta curta rodada en Pontevedra decidiron que a estrea coincidiera coa entrega dos premios da industria cinematográfica aproveitando a comparación que se fai de 'Superpunky', a que se define como o “*La La Land*” galego.



Sinopse: A curta conta a historia de dúas amigas que se distancian por culpa dos seus diferentes gustos musicais.

“Deber”

De **Ángel Manzano**, vencedor do Primer Premio da IX Mostra de Curtametraxes *Cortor de El Tormo* 2016.



Sinopse: Dende pequena, a Sonsoles fascínalle a maxia. Por iso, cando o ilusionista *John Mystery* lle invita a formar parte dun número de hipnotismo, non pode ser máis feliz. O problema é que cumprir o seu soño vai ser o pesadelo doutros...

“Stutterer”


De **Benjamin Clary**. Curta Gañadora dun **Óscar 2015/2016**.
Compositor galego, **Nico Casal**.



Sinopse: Un home cuxos pensamentos internos son silenciados por un tartamudeo paralizante síntese aislado do mundo a pesar dunha floreciente relación *online*.

“Decorado”

De **Alberto Vázquez**. Curta gañadora do Premio Goya 2017.
Animación.



Sinopse: Unha historia que fala sobre o deterioro dunha relación e cómo esta afecta ó mundo que os rodea. Mediante unha narración fragmentada e poliédrica, a modo de quebracabezas, nárrese con humor satírico unha fábula existencialista, con comportamentos moi humáns, que reflexiona sobre o sentido da vida.

“Taras” e “O teu efecto en min”

Ámbolos dous de **Roberto Pérez Toledo**.

Sinopse *Taras*: todos temos, en maior ou menor medida, as nosas propias taras. "Busca a esa persoa; a quen borre as túas taras"

Sinopse *O teu efecto en min*: "¿Acórdaste de mín?"



**Fotograma “Taras”*



**Fotograma “O teu efecto en min”*

Obradoiro coas Asociacións

Durante os dous días de festival, colectivos de persoas con discapacidade da cidade gravarán vídeos para o canle de

Youtube do certáme coa axuda de alumnos do IES Audiovisual de Vigo. Entrevistarán ós directores e actores das longametraxes e curtametraxes que asistan ó festival e tamén ó público, dando así o seu punto de vista.



ANEXOS



COLABORADORES



COGAMI

Confederación Galega de
Persoas con Discapacidade



**CONCELLO
DE VIGO**



CONTACTO

Mail: festivalconsentido@gmail.com

Director de producción: Javier Vilar. Tlf: 628 887 494

Relacións públicas: Javier Riera. Tlf: 662 208 251